

As asociacións infórmante



ugacota
unión de cooperativas
de traballo asociado



agosto 2014 ... Somos 176 cooperativas

As asociacións integramos a 176 cooperativas, o que supón 2.404 cooperativistas

Presentámoslle información sobre as actividades máis salientables que, dende este movemento cooperativo, estivemos promovendo e realizando entre maio e agosto de 2014

Novas cooperativas asociadas

Ampliando o movemento cooperativo

Cooperativismo de traballo

Últimas cooperativas integradas en Ugacota :

Dálle que dálle S. Coop. Galega, de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Actividade : coworking, eventos, cursos, ou talleres. www.dalleqdalle.com

Marketing tangible S. Coop. Galega, de Vigo (Pontevedra). Actividade : consultoría de marketing e comunicación. Organización e xestión de eventos. Formación en marketing. Deseño e xestión de imaxe corporativa. www.marketingtangible.com

Númax S. Coop. Galega, de Santiago de Compostela. Actividade: Sala de cine, e librería especializada.

www.numax.org

Tempo de loira S. Coop. Galega, de Santiago de Compostela (A Coruña). Actividade: Formación, comunicación, asesoramento e xestión de proxectos.

Inprega S. Coop. Galega, de A Coruña. Actividade : Consultoría e formación para empresas, especialistas en trans-formación de empresas. Formación para o emprego.

www.inprega.es

Xeitura S. Coop. Galega, de Allariz (Ourense). Actividade: Servizos culturais e de ocio. Xestión do patrimonio.


www.xeituraxestion.es

Vanguardia mobles de cociña S. Coop. Galega, en Bergondo (A Coruña). Actividade: Fabricación de mobles e complementos de madeira, para cociña.

Ugacota elaborou un **mapa de cooperativas socias** con presenza en Google Maps, para localizar a súa ubicación. Está a disposición na web, www.ugacota.coop.

Encontros das asociacións: cara a integración asociativa

Afondar e perfeccionar a colaboración das asociacións é o obxectivo, e vëñense mantendo unha serie de encontros de debate e reflexión entre os consellos reitores nos que abordar isto.



O 15 de xullo de 2014 mantense unha reunión na que **se acordaron propostas** como :

- **gañar en dimensión**, reorganizando baixo unha soa estrutura as cooperativas asociadas
- **optimizar persoas e recursos** (no ámbito político e no técnico): simplificar estruturas, evitar duplicidades ...
- **mellorar a coordinación**, e o coñecemento mutuo, das programacións das actuais asociacións
- **detectar necesidades das cooperativas socias**, e adaptar a oferta da nova estrutura asociativa ás mesmas
- **gañar en intercooperación**, xerar unha cultura de pertenza a un mesmo movemento cooperativo
- **abrir a nova estrutura asociativa** a todas as cooperativas galegas.

- **manter ACES Galicia**, como referencia no ámbito das cooperativas de ensino, polo seu papel representativo nas mesas de negociación coas Administracións Públicas para o sector do ensino.

Trala reunión traballouse na análise de situación das distintas asociacións, e tamén estanse a poñer en marcha os traballos de **detección de necesidades das cooperativas socias**, para o cal o persoal técnico das asociacións se entrevistará coas cooperativas antes de que finalice o ano.

Ademais, solicitouse e se mantivo unha **xuntanza coa Subdirección de Traballo e Economía Social** o 26 de agosto, na que se tratou o proceso de reflexión estratéxica das asociacións, a modificación da Lei de Cooperativas de Galicia para acadar os obxectivos do proceso, os escenarios de axudas públicas coa nova estrutura, e a representatividade da nova estrutura no Consello Galego de Cooperativas.

Entre os pasos a dar tamén está fixado solicitar e celebrar

unha entrevista coa presidencia da asociación de cooperativas agrarias, AGACA, na que informar deste proceso e convidala a participar nel.

O próximo encontro, para a integración asociativa e de orientación extratéxica, está previsto para o mes de outubro logo da última xuntanza informativa do pasado 9 de setembro de 2014 en Pontevedra.



Servizos e actividades para cooperativas e público en xeral na Rede Eusumo

As asociacións continúan realizando actividades e servizos nos Centros da Rede Eusumo de Galicia, ata outubro de 2014, son **de carácter gratuíto para as/os usuarias/os**. Colaboran coa Xunta de Galicia na *Rede Eusumo*, co obxectivo de fomentar o cooperativismo e a economía social en Galicia.

1 - ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Oferta formativa de UGACOTA

Continúa desenvolvendo ata outubro de 2014 un plan formativo presencial **con 22 obradoiros**, varias edicións dos seguintes tipos de obradoiros, destinados ao público en xeral e a cooperativas :

- Formación cooperativa para persoas que queren emprender – 9 edicións
- ¿Por que non traballamos en equipo? – 5 edicións
- Elabora o teu plan de empresa cooperativo – 5 edicións
- Implementación de melloras na cooperativa – 3 edicións

Aínda se ofrecen 2 cursos de Formación cooperativa para persoas que queren emprender (en Ourense e Ames) para setembro, e estanse a desenvolver os talleres de Implementación de melloras na cooperativa. + Información : 981 575 578 www.ugacota.coop

Oferta formativa da UCETAG

Ucetag iniciou o programa previsto de **10 actividades**, con varias edicións de diversas actividades relacionadas coas cooperativas de ensino, para **setembro e outubro ofrece os cursos** :

- Relevo xeneracional nas cooperativas de ensino: modalidade mixta, en Pontevedra e Ferrol.
 - Formación a profesorado para divulgación do cooperativismo no ensino : cursos dirixidos a profesorado de centros de ensino non regrado, en Vigo, A Coruña e Ourense.
 - Creación e promoción de cooperativas de ensino : **trátase de impulsar o nacemento deste tipo de cooperativas**, serán en Vigo, Ourense e A Coruña.
- + Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org

Oferta formativa da FEDERACIÓN DE COOPERATIVAS SINERXIA

Continúa realizando Talleres de mellora empresarial cooperativa ata outubro de 2014, un plan con **10 talleres** : É un programa de formación á carta, dirixido ás cooperativas e ás redes e entidades de economía social, con talleres de mellora nas seguintes temáticas: Planificación estratéxica; Cultura financeira; Organización e xestión cooperativa; Responsabilidade social; Mercadotecnia; ou Intercooperación .

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org



Formación no Centro da Rede Eusumo na Cámara de Comercio de Vigo (obradoiro : Por que non traballamos en equipo?)


2 - ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN NO MARCO DA REDE EUSUMO

Oferta da FEDERACIÓN

Continúa desenvolvendo un programa de dinamización e impulso do cooperativismo nun sector de actividade con potencial, co fin de estimular varios procesos, mediante a realización de talleres formativos nos seguintes sectores: Sector medio ambiental – Sector do mar – Sector turismo – Sector cultural. Destínase a redes e colectivos representativos do sector obxecto da dinamización e nun ámbito comarcal. **Para setembro ofrece un obradoiro de Fomento do cooperativismo no sector do audiovisual en Pontevedra.** + Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Formación continua para cooperativas e entidades de economía social

Plans formativos **gratuítos**, para persoas que traballan en entidades do sector cooperativo e da economía social, tamén para persoas en desemprego. As asociacións executan os plans 2013-2014.



1 - PLANS AUTONÓMICOS DE FORMACIÓN CONTINUA

Oferta do plan autonómico de UGACOTA

Executouse un Plan de de **6 accións formativas** na modalidade de teleformación que finalizou en xuño de 2014, ofrecéronse en total 105 prazas nos distintos cursos :

- Introducción á Lei Orgánica de Protección de Datos
- Dirección e xestión de proxectos
- A túa empresa na rede. Presenza en web e redes sociais relevantes
- Cultura financeira e finanzas éticas para o emprendemento
- Como elaborar un plan de empresa cooperativo
- Aprender a emprender. Formación para o emprendemento cooperativo

A oferta dirixiuse a persoas socias e asalariadas de empresas e entidades da economía social, tamén se reservou unha porcentaxe entre o 20% e o 40% de prazas para persoas en situación de desemprego.

A formación está financiada pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar.

Oferta do plan autonómico de UCETAG

Executouse un programa con **2 accións formativas** na modalidade de teleformación, que finalizou en maio, destinado ao persoal en activo das cooperativas de ensino e cooperativas de traballo, cursos de :

- Inglés
- Venda Online

As actividades están financiadas pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar.

2 - PLANS ESTATAIS DE FORMACIÓN CONTINUA

Oferta plan estatal de UGACOTA

A programación do Plan estatal iniciou en marzo, no marco do Plan da Confederación COCETA, Ugacota ofreceu **11 accións** formativas na modalidade de teleformación, 249 prazas entre todos o cursos ofertados. Executáronse 7 cursos :

- Xestión de cooperativas de traballo
- Programa avanzando en liderado e habilidades directivas
- Marketing 2.0
- Deseño de páxinas web
- Introducción ao desenvolvemento de aplicacións móbiles para Android
- Community Manager
- Cloud Computing

Ugacota **aínda ofrece 4 cursos** da programación con **inicio en setembro e outubro** de 2014 :

- Iniciación á cooperativa de traballo
- A responsabilidade social empresarial nas cooperativas
- Prevención dos riscos laborais
- Manipulador/a de alimentos

Diríxense a **persoas socias e asalariadas de empresas e entidades da economía social**, e resérvase unha porcentaxe entre o 20% e o 40% de prazas para persoas en situación de desemprego.

O Plan está financiado pola Fundación Tripartita para a Formación e o Emprego.

+ Información : 881 887 456 www.ugacota.coop

Oferta plan estatal de UCETAG

Executouse un plan con **2 accións formativas** na modalidade de teleformación, destinado ao persoal en activo das cooperativas de ensino, foron cursos de Inglés Avanzado e Estratexia de posicionamento en buscadores (SEO) .

As accións están no marco do Plan de UECOE, financiado pola Fundación Tripartita para a Formación e o Emprego.

Actividades e servizos para promover ás cooperativas e ao cooperativismo

As asociacións realizan outros programas de traballo, destinados á mellora das cooperativas e á promoción do cooperativismo. A través das subvencións dirixidas ás asociacións de cooperativas acadouse financiamento público para diversas propostas :



Programa de Intercooperación de Cooperativas (Mercados de economía social)

A Federación mantén o programa para levar a cabo accións de cooperación entre cooperativas, entidades de economía social e solidaria e as súas redes, co fin de **impulsar un Mercado Social**.

Para elo desenvolve medidas de divulgación e formación para a **intercooperación comercial**, coa idea de estimular e crear un modelo comercial de mercado social, baseado nas redes e na economía social e solidaria.

Entroutras actividades ten previsto realizar o 13 de setembro un **Encontro entre REAS Galiza e outros colectivos da economía social galega** en Pontevedra, e en outubro, un **encontro das cooperativas de consumo** para fomentar a intercooperación económica entre elas.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Impulso do cooperativismo de consumo

A Federación programa actividades para fomentar o cooperativismo de consumo. Realizou unha xornada de difusión en O Grove, o 21/06/14, sobre o modelo cooperativo de consumo, para impulsar esta vía entre as interesadas.

+ Información: 986 896 526 www.sinerxia.org

Promoción do cooperativismo do mar

A Unión de cooperativas do mar, **Ugacomar**, participou nunha Xornada de divulgación do cooperativismo no mar o pasado 28 de xuño invitada polo Concello de Cariño.

+ Información: 986 896 526 - <http://ugacomar.org>

Apoio á función xerencial en cooperativas

Ugacota promove que a xerencia en cooperativas mellore, faino a través dun programa que inclúe dúas liñas : as bolsas de xerencia, e os encontros xerenciais.

Bolsas de xerencia para cooperativas 2014

No mes de xuño puxéronse en marcha 3 bolsas, que incorporaron a persoas con formación empresarial recén tituladas nas cooperativas beneficiarias, para realizar prácticas na área da xerencia ao longo de 6 meses. Está previsto que finalicen a estadia en prácticas en decembro de 2014.

As bolseiras perciben unha axuda económica, realizan un

Plan de Mellora da cooperativa, seguen un programa formativo teórico e práctico, e ademais teñen o apoio dun titor de Ugacota.

Encontros xerencias 2014

O 20 de xuño de 2014 realizouse o encontro xerencial Oportunidades de financiamento europeo, programas 2014-2020, que procurou facilitar a iniciación ás empresas cooperativas neste camiño, ofrecendo información e recursos á hora de buscar financiamento europeo para as súas actividades e proxectos. Tamén tratou de estimular ás persoas responsables nas cooperativas para presentarse a convocatorias europeas.

Participaron 19 persoas (pertencentes a dez cooperativas e dúas asociacións de cooperativas), un espazo de divulgación, debate, intercambio e facilitación de materiais e recursos sobre esta temática.

+ Información : 986 136 592 www.ugacota.coop.



Programa apoio á función xerencial en cooperativas
(encontro xerencial : Oportunidades de financiamento europeo)

Programa de emprendemento cooperativo no ensino secundario: Aprender a Emprender

A Ucetag continúa cos traballos iniciados deste programa, que promove o emprendemento cooperativo entre estudantes do **ensino secundario** (bacharelato e formación profesional), con xornadas de divulgación da cultura cooperativa, e talleres de iniciativas cooperativas. Durante o mes de xuño levou adiante actividades no IES Macías O Namorado de Padrón, e ten previsto proximamente atender as demandas do IES Manuel Antonio de Vigo.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org

Apoio á creación de cooperativas

As asociacións promoven o emprendemento a partir do modelo cooperativo, están apoiando e prestando servizos a novos proxectos cooperativos



UGACOTA : Na unión de cooperativas de traballo ofrécese apoio á creación de novas cooperativas, acompañamento a grupos pre-cooperativos para a posta en marcha dos seus proxectos, tamén se resolven dúbidas e consultas, e se dá soporte para solicitar as axudas relacionadas coa creación de cooperativas.

No segundo cuadrimestre de 2014 aténdese a diversas persoas usuarias, ademais créase o **grupo na rede social LinkedIn**: Ideas Cooperativas en Acción, un grupo para o intercambio de ideas sobre actividades económicas e a búsqueda de socias/as para proxectos cooperativos.

Préstanse servizos de orientación, información, e asesoramento cooperativo, en distintos niveis e a distintos colectivos interesados no modelo (persoal técnico e profesionais, grupos promotores, persoas en desemprego ...), tanto de modo presencial, como non presencial (a través de teléfono ou internet).

SINERXIA : Sinerxia como entidade da Rede Eusumo, tamén efectúa labores informativas para todas aquelas persoas interesadas na fórmula cooperativa que se achegan ás instalacións en Pontevedra.



Asesoramento ás cooperativas sociais

As asociacións prestan orientación e asesoramento ás cooperativas sociais que o demandan

Ugacota, Sinerxia e a Ucetag prestan determinados servizos ás cooperativas asociadas, orientación, información, e asesoramento, en materia cooperativa, financiamento ético,

cuestións sectoriais do ensino, axudas e iniciativas, formación, etc., tanto de modo presencial, como non presencial (a través de teléfono ou internet).

Programa Cooperamos 2014

Asesoramento a centros de ensino para participar no Certame de Cooperativismo no Ensino 2014

Ucetag desenvolveu o Programa Cooperamos 2014, prestando servizos de apoio e asesoramento a centros de ensino galegos, de infantil, primaria, secundaria ou formación profesional, a aqueles que querían participar no Certame de Cooperativismo no Ensino convocado pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e o Consello Galego de Cooperativas. Traballaron con 12 centros, dous deles están asociados á Ucetag e o resto son outros centros públicos.

Os Premios do Certame foron outorgados no Día do Cooperativismo 2014 o pasado 5 de xullo, no que a cooperativa de ensino Andaina obtivo un accésit, entre outros centros asesorados pola Ucetag como : IES Pedra da Auga de Pontearreas, o CEIP Domaio de Moaña.

+ Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org

Programa Semente

Cooperativismo para os máis pequenos e pequenas durante o curso académico 2013-14

O pasado 31 de maio tivo lugar o Mercado do proxecto Semente no Obelisco de A Coruña, para pór á venda os produtos elaborados polas 20 cooperativas, dos 12 centros de ensino que participaron deste programa escolar, o que recadaron destinouse a organizacións sociais da cidade, á excursión de fin de curso ou a unha celebración escolar.

Ugacota colaborou co Concello de A Coruña e con centros educativos desta cidade na 7ª edición do Proxecto Semente. Dende novembro de 2013 participou na formación de nenas e nenos de 8 a 11 anos orientada a impulsar habilidades e capacidades para o emprendemento cooperativo, con talleres de : constitución, imaxe corporativa, etiquetado e envasado, e taller de vendas e resultados.



Colaboración con cooperativas

A Federación lanzou propostas de colaboración a cooperativas

Sinerxia, aproveitando a convocatoria de axudas : programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo 2014 difundiu un **catálogo de actividades para cooperativas** .

A proposta ofrecía ás cooperativas solicitar axudas en colaboración coa Federación, esta prestaría o seu apoio para preparalas e desenvolvesas, trataríase tanto de actividades de intercooperación e integración, como de actividades para cooperativas de nova creación.

Así, NosaEnerxía, recente cooperativa, solicitou diversos talleres, a realizar ata o 15 de novembro, para que as súas socias de Rianxo, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Celanova poidan mellorar os coñecementos sobre a xestión dunha cooperativa.

Colaboración con concellos e entidades da Rede Eusumo

Desde a Federación Sinerxia e Ugacota lanzáronse propostas de colaboración a entidades locais e entidades adheridas á Rede Eusumo, para promover o cooperativismo e fomentar a intercooperación.

A raíz da convocatoria de axudas para o fomento do cooperativismo 2014 divulgouse un **catálogo de actividades para entidades locais e entidades da Rede Eusumo**, coa finalidade de colaborar con estes entes para realizar diferentes iniciativas de promoción do cooperativismo. As re-

solucións están pendentes de notificar e as asociacións contan con participar e colaborar nalgúnhas a partir de finais de setembro.

Outras actividades realizadas, nas que se participa ou colabora

- Taller de Divulgación Cooperativa : no Obradoiro de Emprego Terras do Miño 2 (especialidade de Hostalaría), impartido por Ugacota. 28/04/14, Nigrán.

- IV Foro Intercomunitario de Investigación Xuvenil : organizado polo Colexio Alborada (Claimo S. Coop. Galega), un foro de intercambio de experiencias investigadoras con alumnado de primaria e secundaria de Galicia e Cataluña. A Ucetag colaborou coa asistencia técnica e organizativa. Celebrouse na Fundación Barrié sede de Vigo os días 15/16/17 de maio.

- Encontro galego – portugués : A colaboración en rede na promoción do cooperativismo e a economía social: a Rede Eusumo. Organizado pola Xunta de Galicia (Rede Eusumo), e no que colaborou Ugacota. 27/05/14, Tui.

- 37ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia : dentro do 18º Salón de Alimentación do Atlántico, Salimat 2014, no recinto feiral da Semana Verde de Silleda. 12-13-14-15 de xuño. Silleda. Ademais da presenza de cooperativas no

stand do Consello Galego de Cooperativas, celebrouse unha Xornada de presentación de resultados do Programa Coopera+ e unha degustación de produtos cooperativos.

- Feira Ponteemprego : A Federación participou o 25/06/14. Pontevedra.

- Xornada do Proxecto YUZZ : en Vigo, na Oficina de Apoio ao Empregador/a – Centro Yuzz, na que Ugacota deu a coñecer o cooperativismo de traballo asociado ás persoas emprendedoras participantes con ideas de base tecnolóxica.

- O mercado da colleita : a invitación de Galletas Mariñeiras Daveiga, Ugacota participou nunha mesa sobre a economía social e o cooperativismo, o 28 de agosto en A Coruña.



Actividade representativa e orgánica das asociacións

As asociacións traballan para representar os intereses do sector cooperativo

A través dos seus propios órganos e espazos de participación e gobernanza, ou ben por pertencer a outras asociacións, a outras entidades ou redes, levan a cabo diversas liñas de traballo neste ámbito. No segundo cuatrimestre de 2014 (de maio a agosto) destacamos :

Participación no xurado dos Premios á Cooperación 2014

O día 2 de xuño convocouse ao xurado dos premios ao cooperativismo no ensino, dos que forman parte representantes de Ucetag e Ugacota, e o 3 de xuño convocouse á Comisión Permanente do Consello Galego de Cooperativas para outorgar os premios á cooperación 2014, con asistencia de Ugacota.

Participación na Mesa Temática Coruña Emprego

Os días 28 de abril, 9 de maio e 20 de xuño, Ugacota participa neste espazo sobre emprego.

Participación en COCETA : Ugacota como socia da Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado, participou no Consello Reitor que se celebrou o 26 de xuño, e na asemblea xeral ordinaria que tivo lugar o día 27 de xuño, ambos en Palma de Mallorca.

Posteriormente asistíuse ao Consello Reitor que se celebrou o 14 de xullo, na sede confederal en Madrid. Destacar o traballo realizado para garantir a presenza do cooperativismo nos programas estruturais do novo período orzamentario 2014-20 da Unión Europea, para o que se xestionou o recoñecemento como organismo intermedio para a presentación de liñas de traballo e proxectos destinados á economía social.

Xuntanza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Ugacota mantivo un encontro en xuño, o día 12, para tratar distintos asuntos de interese.

As asembleas xerais anuais das asociacións 2014 :

Ugacota: Ugacota celebrou a asemblea anual de socias, o sábado 7 de xuño, nas instalacións da cooperativa Luscoefusco, socia da Unión. Ademais de presentar e aprobar os asuntos propios destas asembleas (as contas anuais, a memoria social, o plan de actividades 2014 ...), a asemblea é un espazo para afianzar o intercambio, o coñecemento mutuo, e para recoller propostas das cooperativas, ademais de disfrutar, de xeito máis distendido, dun xantar coas persoas asistentes á asemblea, e as persoas acompañantes.

+ Información : 981 575 578 – www.ugacota.coop

Ucetag: Ucetag celebrou a súa asemblea de socias o día 26 de xuño na sede da cooperativa Possumus en Vigo. Ademais da aprobación das contas anuais, a memoria de actividades do 2013, e do orzamento e plan de xestión para o 2014, informouse das entrevistas mantidas coas Consellerías de Cultura, Educación e O.U e a de Traballo

e Benestar Social, do Congreso da UECOE e das primeiras tomas de contacto con UGACOTA e a Federación cara a un proceso de integración asociativa. + Información : 986 86 61 49 www.ucetag.org

Federación: Mantén a asemblea anual de asociadas o 24/06/14 en Pontevedra.

+ Información : 986 896 526 www.sinerxia.org

Participación en UECOE :

Ucetag como socia da Unión Española de Cooperativas de Ensino, participou na Asemblea anual celebrada en Madrid o 16/06/14. Entre outros temas, destacamos a aprobación da memoria e contas anuais do 2013 así como o orzamento e plan de xestión para o 2014. Ademais tamén se puxo en coñecemento da asemblea o estado no que se atopan os traballos de organización do XVI Congreso da UECOE que se celebrará en Sevilla no mes de outubro.

GDR Pontevedra : Sinerxia participa no Grupo de Desenvolvemento Rural de Pontevedra, na xuntanza do 25 de xuño e na asemblea do 14 de xullo como alicerce das políticas de axudas os proxectos de impulso social da bisbarra.

Encontro sobre cooperativismo e servizos sociais : “Sostibilidade de innovación social”

A Dirección xeral de Traballo e Economía social e o Consello Galego de Cooperativas realizaron un Encontro sobre as potencialidades do cooperativismo no eido dos servizos sociais, que se celebrou o venres 4 de xullo no Centro Ágora de A Coruña. As asociacións, en calidade de membros do Consello, formaron parte do grupo de traballo que preparou o Encontro e no desenvolvemento do mesmo.

Participación nos actos do Día do Cooperativismo 2014

As asociacións estiveron presentes nos actos deste día, o 05/07/14, en A Coruña, no que destacamos a entrega dos distintos Premios á Cooperación 2014, no que, foron galaroadas, entre outras, as cooperativas O Canto da Balea e Cine e Documental.

Participación na Presentación Proxecto Vento – AJE A

Coruña O 8 de xullo Ugacota asiste a este evento, no que se presenta o programa de recuperación do barrio do Ventorrillo, en A Coruña, para dar a coñecer a entidade e as posibilidades de participar no programa.

Encontro dos consellos reitores (CRs) das asociacións :

Levouse a cabo un encontro dos CRs da Federación, Ucetag, Ugacomar e Ugacota o 15 de xullo e o 9 de setembro para abordar a integración das asociacións.

Entrevista coa Universidade de Vigo: Sinerxia mantén unha entrevista co vicerrector do Campus de Pontevedra o 31 de xullo co fin de concretar posíbeis actividades no plano formativo, divulgativo e de asesoramento para do cooperativismo entre a poboación universitaria.

Reunión cunha Delegación de Timor Leste : xuntanza de intercambio promovida pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, a proposta de Uninorte, para compartir as políticas e experiencias de economía social de ambos territorios, de cara a posibles liñas de colaboración.

Xuntanza de coordinación das actividades na Rede Eusumo

Celebrouse, o 22/07/14, unha xuntanza co Subdirector de cooperativas e economía social, para coordinar as distintas actividades que se levan a cabo na Rede Eusumo, nela participaron as asociacións como entidades colaboradoras e axentes activos da Rede.

Participación no CES (Consello económico e social) do

Concello de Pontevedra o 22 de xullo Sinerxia participa no CES xunto cos axentes sociais máis representativos da cidade, na que se acordou entre outros temas, dar os primeiros pasos após do verán para pór en marcha unha ferramenta informativa para facer seguimento da situación socio-económica do municipio, através da proposta presentada polas representantes da Universidade de Vigo no Consello.

Participación en REAS Galicia: a Rede de Economía Alternativa e Solidaria, da que é socia a Federación, e celebra un Encontro intercooperativo o 13 de setembro no Pazo de Cultura de Pontevedra.



Coop57 Galicia , sección territorial de Coop57 SCoopCL

Un instrumento para prestar servizos financeiros, éticos e solidarios

Socias colaboradoras : suman actualmente un total de 136 socias desta tipoloxía, no segundo cuadrimestre de 2014 efectuáronse tres altas.

Socias de servizos: nestes momentos asocia a 31 socias desta tipoloxía. Producíronse 1 baixa - Comuna - e 3 altas : Numax; Metal Unión e Rexenerando, sendo as tres cooperativas de traballo. Hai ademais, cinco solicitudes de alta en proceso de resolución.

Operacións de crédito: No segundo cuadrimestre do ano aprobáronse catro operacións por un volume de 135.000 €. Non se amortizou ningún empréstimo, quedando así un total de 14 por amortizar, e, atópanse en proceso de avaliación, tres novas solicitudes de empréstimo.

A Sección Territorial de Coop57 Galicia, ten aprobado un total de 38 préstamos dende a súa constitución en 2009, por un importe total de 946.120 € .

Actividade divulgadora: Neste período realizáronse dez actividades de difusión, dirixidas a centros educativos, tecido comunitario e económico interesado na economía solidaria, entidades de economía social, administracións locais, etc., mediante talleres, xornadas ou procesos de dinamización.

Órganos sociais:

Celebráronse no mes de xuño as reunións:

- Asemblea e Consello da **Sección Territorial Galega**.
- Asemblea xeral e o Consello reitor da **Cooperativa**

Consello - Sección Territorial Galega:

Na reunión preparáronse os contidos e a organización da Asemblea de Sección, e achegouse información da evolución do proceso de titorización de mellora organizativa que se está a desenvolver na cooperativa.

Asemblea - Sección Territorial Galega:

Na mesma mantívose un encontro con Ramón Pascual, coordinador da cooperativa, para pór en común información do papel de Coop57 na actual contorna socioeconómica e os desafíos para os próximos anos. Os acordos tomados tiveron que ver coa aprobación da memoria social; as contas anuais e a distribución do resultado económico de 2013 da cooperativa. Esta proposta tamén foi aprobada na reunión da asemblea xeral da cooperativa.

- Na asemblea galega non foi aprobada a proposta do consello reitor de Coop57 para reforzar os fondos propios da cooperativa através da achega mínima obrigatoria de capital social das socias colaboradoras, e a súa regulación nos estatutos da cooperativa.

Sobre este tema, expúxose unha proposta alternativa por parte dunha socia colaboradora, que non foi sometida a votación, mais recibiu os parabéns das asistentes á reunión, polo seu grao de elaboración e plantexamento de escenarios, que poden ser obxecto de debates de interese en Coop57 a futuro.

- Verbo da proposta de modificación de estatutos da cooperativa, acordouse que as socias de traballo poidan ter voz e voto no consello reitor, con independencia do seu número na cooperativa; incremento dos votos sociais das socias colaboradoras nos órganos sociais; a proporcionalidade de cada tipoloxía de socia (colaboradora ou de servizos) na elección de delegadas ás asembleas xerais; o aumento do número de socias necesario para elixir unha delegada, a actualización do domicilio social da cooperativa, e o prazo de desembolso das achegas obrigatorias a capital social.

- Aprobouse a incorporación de cadansúa socia colaboradora á Comisión Técnica e á Comisión Social da Sección Territorial, sen prexuízo do compromiso de confirmar nos próximos meses novas incorporacións que permitan unha renovación parcial das Comisións a medio prazo.

- Por último, verbo do próximo Encontro da Cooperativa a re-

alízar en 2015 en Zaragoza, informouse da proposta de eixos temáticos para o mesmo, e aprobouse a elección de candidatas de Galiza a formar parte da Comisión creada na cooperativa para a coordinación e organización desta actividade.

Asemblea da cooperativa:

Aprobación da memoria social, as contas anuais e a distribución do resultado 2013.

Reforzo de fondos propios : Aprobación por maioría da proposta do consello reitor, tendo en conta o posicionamento da Asemblea de cada Sección Territorial sobre a mesma. O acordo entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2015. As socias colaboradoras disconformes co mesmo poderán solicitar a baixa da cooperativa antes desa data, nas actuais condicións. Tamén se acorda informar deste acordo a toda a base social da cooperativa.

Modificación dos estatutos sociais : Apróbanse todos os artigos propostos a modificación, agás a representación das socias de traballo no consello reitor, e o procedemento de elección das delegadas das Seccións Territoriais para asistir ás reunións da asemblea xeral da cooperativa, co fin de procurar nos dous casos mellores fórmulas á proposta realizada e incluílas nunha futura modificación de estatutos.

Cobertura da vacante da Presidencia do consello reitor, exercida por Rosa Miró que foi substituída por Jordi Pujol Moix da cooperativa Col·lectiu Ronda, elección feita por unanimidade. O anterior sen prexuízo de aprobar unha proposta de Madrid, na que se solicita que en futuras ocasións se abra a posibilidade de que poidan presentarse candidaturas de outras Seccións Territoriais a este cargo.

Consello reitor da cooperativa:

Celébrase o mesmo día da asemblea xeral. Os acordos tomados foron :

- Participación de Coop57 no grupo promotor dunha xestora social de vivenda en Catalunya: como ferramenta para a incorporación de todas aquelas entidades sociais que cumpran determinados criterios éticos e sociais, e sempre que a mesma aposte por un modelo de proxecto no que a xestión das vivendas sexa exercida polas entidades sociais participantes.

- Proceso de consultoría para a concretar un novo modelo organizativo da cooperativa:

Preséntase proposta deste novo modelo xurdido das sesións de traballo realizadas baixo a titorización da consultora cooperativa Hobest. Maniféstase unha valoración positiva da proposta e da metodoloxía implementada no proceso de consultoría.

Na exposición deste tema, coméntanse varias cuestións a ter en conta no proceso de implementación e consolidación relacionadas cos tempos; os recursos; o capital humano; os orzamentos; a avaliación e seguimento de indicadores; a coordinación da estrutura técnica e política da cooperativa; ou as horas de adicación ás tarefas. Estas cuestións foron trasladadas na última reunión do proceso de titorización celebrada en xullo.

Agárdase nos meses de setembro e outubro manter reunións de traballo a nivel técnico e político para elaborar o plan de traballo e orzamentos de 2015 da cooperativa, incluíndo este labor no proceso de implementación do novo modelo organizativo.

+ Información : galicia@coop57.coop
www.coop57.coop/galicia



Máis información poñéndote en contacto con nós

Federación de Empresas Cooperativas Sinerxia
986 896 526 www.sinerxia.org

Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia
986 86 61 49 www.ucetag.org

Unión de Cooperativas de Traballo Asociado - Ugacota
981 575 578 www.ugacota.coop

Unión Galega de Cooperativas do Mar
986 89 65 26 <http://ugacomar.org>